Concello de Outes

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Ordinaria
Data e hora: 1ª convocatoria: 25 de xuño de 2026 ás 21:00
2ª convocatoria: 29 de xuño de 2026 ás 21:00
Lugar: SALÓN DE PLENOS
Presidida por: FRANCISCO CALO ABELLEIRA
Secretaria: MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	**Nome e Apelidos**	**Asiste**
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
45961024D	ANXO NUÑEZ FERNANDEZ	SÍ
78797031C	Andrés Castro Abelleira	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	NON
33260032P	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	SOL AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Procédese por parte da Secretaria municipal de declaración institucional do Concello de Outes con motivo do Día Internacional do Orgullo LGBT+ co seguinte contido:

Minia Astray Barca (1 para 2)
SECRETARIA XERAL
Data de Sinatura: 09/10/2026
HASH: 5b66e7d94dab5dc47d57644ee398fba1

FRANCISCO CALO ABELLEIRA (2 para 2)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 09/10/2026
HASH: c333dba8ba227a4c32ed8a43a4899f6a

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0005 Data: 09/10/2026

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 28

Concello de Outes

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE OUTES

Con motivo do Día Internacional do Orgullo LGBT+

28 de xuño de 2026

Como cada 28 de xuño, o Concello de Outes súmase á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGBT+, unha data que nos lembra a importancia de seguir avanzando na defensa da igualdade real e efectiva, da liberdade e da dignidade de todas as persoas, con independencia da súa orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

Nesta xornada reafirmamos o noso compromiso coa promoción dos dereitos humanos, coa creación de espazos seguros e inclusivos e coa prevención de calquera forma de discriminación. Outes debe ser un concello no que cada persoa poida desenvolver libremente o seu proxecto de vida, sentíndose respectada, valorada e integrada na comunidade.

Recoñecemos os importantes avances acadados nos últimos anos en materia de igualdade e dereitos, mais tamén somos conscientes de que aínda persisten situacións de discriminación, intolerancia e violencia que requiren do compromiso e da actuación das institucións públicas.

Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, desempeñan un papel fundamental na promoción dunha convivencia baseada no respecto á diversidade e na igualdade de oportunidades. Por iso, o Concello de Outes continuará impulsando accións de sensibilización, educación e promoción dos valores democráticos que contribúan á construción dunha sociedade máis xusta, libre e cohesionada.

Neste sentido, manifestamos a nosa vontade de:

- Promover iniciativas educativas e de sensibilización que fomenten o respecto á diversidade e a igualdade real e efectiva.
- Apoiar medidas de prevención e atención fronte a calquera forma de discriminación ou violencia motivada pola orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
- Favorecer a formación e sensibilización do persoal municipal nesta materia.
- Reafirmar o noso rexeitamento a calquera discurso de odio que poida fomentar a discriminación, a exclusión ou a violencia contra as persoas LGBT+.
- Colaborar co tecido asociativo e cos colectivos que traballan na defensa dos dereitos e da igualdade das persoas LGBT+.

A defensa da dignidade humana, da liberdade e da igualdade constitúe un compromiso democrático compartido que debe seguir guiando a acción das institucións públicas. Por iso, o Concello de Outes súmase a esta conmemoración como mostra do seu compromiso cun municipio máis inclusivo, respectuoso e aberto á diversidade.

Outes, xuño de 2026

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0005 Data: 09/10/2026

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 28

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Fai un apunte con relación á acta da sesión anterior a voceira de Compromiso Outes indicando que na páxina 15 no penúltimo parágrafo se corrixa o topónimo Portoxiabo polo correcto sendo Portosiavo.

E non habendo máis observacións dáse por aprobada a acta por unanimidade dos (12) concelleiros/as presentes.

Expediente 1105/2025. SUBVENCIÓNS 2025 DEPUTACIÓN: MELLORA EN VILAR DE OUTES E OUTROS.	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0 Ausentes: 1

Por parte do sr. alcalde exponse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

"1º.- Con data dezaoito de novembro de 2025, solicitouse á Deputación da Coruña unha subvención nominativa para o cofinanciamento da actuación de "Mellora Vilar de Outes e outros".
2º.- Con data 29/04/2026, o Pleno da Corporación de Outes aprobou solicitar á Deputación da Coruña unha axuda para a execución do antedito proxecto e ratificar o Decreto de Alcaldía 2026-0158, do vinte e seis de marzo, no cal se resolveu á aprobación do proxecto técnico das obras.
3º.- Con data 13/05/2026, recíbese no concello o requirimento da Deputación da Coruña no cal se esixe unha serie de melloras técnicas do proxecto das obras, xa que este non obtivo a supervisión técnica favorable por parte da Deputación.
4º.- Con data 05/06/2026, o técnico redactor do proxecto das obras, D. Pablo Blanco Ferreiro, asina o proxecto técnico incorporando as modificacións requiridas pola Deputación, as cales consisten, basicamente, na mellora dos planos e demais documentación gráfica do mesmo.
5º.- Con data 10/06/2026, recíbese nova comunicación da Deputación da Coruña na que indica que o antedito proxecto reformado obtivo informe favorable de supervisión por parte dos servizos técnicos e no que tamén solicita, entre outra documentación complementaria, unha certificación do acordo do Pleno de Outes, no que conste a aprobación do proxecto técnico de data 05/06/2026.

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 28

Polo exposto, o Pleno da Corporación ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico reformado das obras denominado: "MELLORA VILAR DE OUTES E OUTROS", que ten un importe de 130.000,00 (centro trinta mil) euros, IVE incluído, de data 05/06/2026, redactado e asinado por D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, colexiado nº: 22.922.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo á Deputación da Coruña para a continuación da tramitación do expediente de concesión da subvención nominativa solicitada para a financiación das anteditas obras".

Intervén a voceira de Compromiso Outes, destacando que o Gobierno tivo que traer novamente a Pleno este asunto para cumprir un requirimento da Deputación, o Goberno actual foi especialmente crítico no pasado coa suposta falta de rigor do antigo goberno na tramitación de expedientes e, sen embargo, este é o segundo pleno consecutivo co que nos atopamos cunha situación semellante. Máis alá diso, consideramos que as obras son necesarias e benvida sexa a subvención para levalas a cabo, á vista da documentación entendemos que o requirimento queda ben atendido coa modificación que se trae a este pleno.

Intervén a voceira do BNG, indicando que o BNG votará favorablemente a este punto porque é unha obra necesaria pero o que si que vemos é que as tramitacións coa Deputación xa sabemos como son os requirimentos que se fan, xa que se atopa incluída no POS, e entendemos que este Goberno do PP e do tránsfuga tamén saben cales son a documentación necesaria entón o xeito de que haxa que requirilas e volvelas traer a pleno parécenos un atraso que se podería ter evitado. Sabemos que é un tema que teñen que corrixir os técnicos pero como nos dicían a nós hai que estar enriba dos técnicos.

Intervén o Concelleiro non adscrito indicando que quere pedir desculpas porque parece que ao final a culpa vai ser miña, porque se ao final no anterior goberno se cometían estes erros e vostedes nos botaban a culpa e agora cometemos algún erro e temos a culpa entendo que a culpa deber ser miña.

Para pechar o punto, intervén o Sr. Alcalde para indicar que os proxectos revísanse e se veñen os requirimentos dos proxectos que se fan a verdade é que son cuestións mínimas e que hai que atendelas. Contestáronse a eses requirimentos e reitera que son cuestións técnicas dos redactores dos proxectos. O que queremos é avanzar e estamos traballando intensamente en el.

Engade a voceira de Compromiso Outes que é certo que nos expedientes entre

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 28

administracións son habituais os requirimentos pero cando un Goberno fixo da suposta falta de rigor do anterior executivo unha das súas principais críticas é razoable esixir que aplique o mesmo criterio agora que está gobernando.

Finalizado o debate sométese o punto a votación quedando aprobado por **UNANIMIDADE** dos membros presentes (12 concelleiros/as).

Expediente 287/2026. SUBVENCIÓNS 2026:ACCESO FONDO COOPERACIÓN IGVS_COMPRA TERREOS	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 1

Preséntase unha emenda para modificar o presente acordo polo BNG e prodúcese un receso para o estudo da proposta presentada.

Por parte do Sr. alcalde exponse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

Visto que é vontade de este Concello proceder á formalización dun convenio co Instituto Galego de Vivenda e Solo para poder acceder á financiación das actuacións necesarias para a execución do proxecto denominado "HUMANIZACIÓN E INTEGRACIÓN DO ENTORNO DA HORTA DO MUIÑO", no marco dos préstamos outorgados por este ente ao abeiro do Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes para a anualidade 2026.

Considerando que o préstamo outorgado por este ente sería de 100.000,00 €, a devolver en oito anualidades, sen xuros e comezando a devolución do principal no exercicio 2027.

Vista a memoria xustificativa, de data 1 de abril de 2026, onde se describen e identifican os inmobles cuxa adquisición é necesaria para a execución do proxecto, así como a memoria valorada obrante no expediente, asinada por d. Manuel Folgueira Díaz.

Visto o informe da Secretaría municipal, de data 14 de maio de 2025.

Vista a proposta de resolución PR/2026/29 de 14 de maio de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 16 de maio de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación **ACORDA**:
Primeiro.- Autorizar a sinatura do convenio co Instituto Galego de Vivenda e Solo a

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 28

través do cal se concerte a operación de préstamo a longo prazo por importe de 100.000,00 €, sen xuros e a reembolsar en oito anos en termos amortizativos anuais constantes de 12.500,00 €, para o financiamento da adquisición dos terreos con nº de referencia catastral 7737016NH0473N0001JX e 7737011NH0473N0001KX necesarios para a execución do proxecto denominado "HUMANIZACIÓN E INTEGRACIÓN DO ENTORNO DA HORTA DO MUÍÑO".
O texto do convenio a asinar achégase como anexo á presente proposta.
Segundo.- Comunicar o presente acordo ao co Instituto Galego de Vivenda e Solo.
Terceiro.- Facultar ao alcalde-presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para a sinatura de cantos documentos e trámites sexan necesarios para a formalización e levanza do convenio.

Intervén o voceiro do BNG para indicar que a proposta que trae o goberno e os proxectos que se atopan vinculados á dita proposta, dende o BNG non vemos con malos ollos adquirir uns inmobles edificables que son a bo precio para o concello o que non podemos entender é que con estes dous inmobles tan bos que se poden adquirir para o concello teñen unhas ideas tan malas para executar a obras neses lugares. Entendemos que estes proxectos son un desperdicio para estes espazos e que están lonxe da urbanización o rexeneración da que falan nos proxectos ou que acaban de mencionar. Sobre estas dúas parcelas o que se propón é facer unha formigonada en cada parcela e se sumamos a valoración económica que nos trae o goberno estariamos a falar dun investimento de 370.009,22 €.

Indica o Sr. Alcalde e recorda ao voceiro do BNG que o primeiro que debe realizar é enunciar a emenda e despois pode proceder a súa exposición e **expón a emenda por parte do voceiro do BNG co seguinte contido literal:**

"Substituír a proposta de acordo polo seguinte:
Primeiro.- O goberno local comprométese a modificar os proxectos que motivan a adquisición dos terreos da seguinte maneira:

- Proxecto par un novo espazo de convivio na Avenida de San Campio na parcela 7737016NH0473N0001JX: Retirada do pechamento, restauración e posta en valor do hórreo, traballos de axardinamento e adecuación do terreo, plantación de árbores, instalación de luminarias e mobiliario urbano.

- Destinar a parcela 7737011NH0473N0001KX para a negociación e posterior cesión á Xunta de Galicia co propósito de construír un edificio de vivenda pública de alugueiro e destinado o baixo lindeiro á rúa para servizos municipais.

Segundo.- Autorizar a sinatura do Convenio co Instituto Galego de Vivenda e Solo a través do cal se concerte a operación de préstamo a longo prazo por importe de

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 28

100.000,00 €, sen xuros e a reembolsar en oito anos en termos amortizativos anuais constantes de 12.500,00 €, para o financiamento de adquisición de terreos con nº de referencia catastral 7737016NH0473N0001JX e 7737011NH0473N0001KX necesarios para a execución do proxecto denominado "HUMANIZACIÓN E INTEGRACIÓN DO ENTORNO DA HORTA DO MUÍÑO" coas características e usos descritos no anterior punto.
Terceiro.- Unha vez feitas as modificacións na documentación do expediente indicadas no primeiro punto, comunicar o presente acordo ao co Instituto Galego de Vivenda e Solo.
Cuarto.- Facultar ao alcalde-presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para a sinatura de cantos documentos e trámites sexan necesarios para a formalización e levanza do convenio".

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que a pesar de que non tivemos moito tempo para preparar o debate desta emenda cremos que estamos en sintonía e compartimos a esencia da emenda polo que adiantamos o noso voto a favor.

Intervén o concelleiro non adscrito que indica que dende o seu punto de vista non entende como tratan a un concelleiro non adscrito despectivamente con insultos as veces e coma quen non está e agora queren convencerme de que lle dea o meu apoio, primeiro a algo que traen o propio día do pleno para aprobar unha cousa o modificar unha cousa tan importante coma esta. En tendo que a proposta que se nos fai con tanta urxencia non ten nin pes nin cabeza porque nin presentan un proxecto que se adapte á legalidade, non vexo ningún proxecto. O goberno teñen certas ideas e ao mellor tamén cren que fai falta aparcamento na nosa humilde vila e entendo que hai edificios que teñen aparcamento pero hai xente que non da aparcado e o pouco que había diante do concello tamén se quitou. Reitera que se esperan dende o BNG telo meu apoio creo que van ter que sufrir ata as próximas eleccións.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que como ben presentaron por medio da documentación que teñen a súa disposición e que son proxectos estudados e traballados e consideramos que é o máis oportuno e que esta emenda plantexada enriba da hora para unha resposta tan importante como é esta planificación non ten sentido sen un estudo técnico, sen viabilidade e fronte a un traballo que nós si que fixemos e que está perfectamente estudado.

Fanse as aclaracións pertinentes con relación aos debates e quendas de palabra e consúltase coa Secretaria que expón o procedemento a levar a cabo para a emenda presentada e a súa inclusión ou non da mesma na proposta presentada.

Intervén o voceiro do BNG que indica que hai que saber de onde saen os fondos para

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 28

estas actuacións, que sae dun préstamo que hai que devolver sen xuros e sen intereses a longo prazo á Xunta de Galicia, pero en concreto ese préstamo pódese destinar a unhas cantas cousas non só ao que vostedes propoñen, non é unha subvención finalista. Hai unha serie de opcións e nós entendemos do que presentan non é prioritario, o que vostedes presentan son dúas memorias valoradas nas que se din cousas moi interesantes como que no caso dos aparcadoiros non hai aforos das prazas de estacionamento e o que se recolle que debido a actuacións de humanización existe un déficit pero o técnico nin o goberno se preocuparon de indicar cal é a realidade das prazas de estacionamento desa zona nin estudar se hai outras zonas do concello que teñen máis necesidade. Agora mesmo onde hai máis necesidade de aparcadoiro é en fronte do centro de saúde, que é onde existe máis afluencia onde existen servizos fundamentais e que teñen usuarias con mobilidade reducida e que teñen que facer esforzos e que existirá mais problema pola apertura do tanatorio.

Continua a intervención indicando que na Avenida de San Campio cando en Outes había 1.000 habitantes máis sempre houbo onde aparcar e a maiores existen dous aparcadoiros privados que aumentan as prazas de aparcadoiro. O que pretenden é facer unha lousa de formigón e en teoría 35 prazas mais e que hai que mover o paso de peóns e que van a ter que restar outras catro aproximadamente da rúa de San Campio para poñer o paso de peóns noutro lado. Isto sairía a mais de 6.000 euros por praza de aparcadoiro. Ademais esas prazas están porta con porta cun aparcadoiro que xa existe e que a maior parte do tempo está baleiro, estaría ben ter datos técnicos sobre estas cuestión e vostedes teñen todos eses recursos. O que propoñemos para esa parcela é que se retire ese proxecto de aparcadoiro e que se lle ceda esta parcela á Xunta de Galicia para facer vivenda pública e un acceso novo á Horta do Muíño deixando o baixo para servizos municipais, cremos que é unha proposta moito mais razoable e que daría máis vida á avenida. Entendemos que si que hai que aumentar aparcadoiros e que cos cartos que sobrarían desa actuación se podería facer unha ampliación do estacionamento no centro de saúde con máis de 20 prazas e aproveitando para urbanizar a zona. Entenderán que sen proxecto técnico e proxecto que avale o que trae nos parece un derroche gastar 180.000,00 euros neste proxecto en concreto.

Con relación ao outro proxecto, a suposta humanización da contorna da casa da cultura e da Horta do Muíño, vostedes na memoria do arquitecto porque din que van revolucionar a zona porque agora non hai un sitio axeitado para eventos culturais e vostedes presentan unha lousa de formigón no acceso da Horta do Muíño e así é como lle dan valor ao patrimonio histórico como é o hórreo. Pero gústannos moito o que se pon no proxecto por parte do arquitecto que indica que é precisa esta obra porque hai que dispoñer dun espazo adecuado para actos festivos e actividades culturais contemplando a posibilidade

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 28

de instalar unha carpa para celebracións do nadal, carnavais e outras festividades. Carpas que neste concello non fai falta outra cousa. O que nos parece é unha tomadura de pelo porque cando o BNG veo a descrición dos proxectos pensou que había unha iniciativa pero cando abrimos os proxectos caéusenos a alma aos pés. A nosa proposta é aforrarlles uns cantos miles de euros ás arcas públicas neste senso mantendo unha actuación nesta zona, onde se retiren muros, ábranse espazos e se plante algunha árbore a maiores e se cren espazos de convivencia con mobiliario urbano. Se lles pediran ao técnico un estudo para determinar onde fai falta e onde non un aparcadoiro pois poderiámolo entender, pero neste senso non. Presentamos unha proposta alternativa e que o goberno pense e que está a tempo de rectificar e que estaría moi ben porque non tirarían eses cartos e podendo facer unhas actuacións e aforrar cartos e destinar as mesmas a actuacións como ampliar as prazas de aparcadoiro do centro de saúde, para crear novos sendeiros peonís para garantir a seguridade viaria e podíanse facer moitas cousas con estes cartos e que son máis urxentes e necesarias que os proxectos que traen. Agardamos ter o apoio da corporación municipal.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que como xa comentou non teñen moito mais que engadir, o que si que os proxectos que presenta o goberno e despois dun proxecto que tivemos aquí andando tres anos Rednatur e intentando recuperar a contorna do río Tins que agora vaiamos a facer explanadas de formigón igual era necesaria unha volta a isto.

Intervén o concelleiro non adscrito que indica que non vai pedir ao cámara que me faga un zoom porque creo que se me vai a entender, falo o BNG de despilfarro de 180.000 euros en cemento e dígolle que se fixe no maior despilfarro que se fixo dende o ano 2023 son os 80.000 euros nun miradoiro de paxaros, ese si que fi un despilfarro. Falan de que sobra aparcadoiro, solo hai que vir ao concello polas mañás e onde aparca a xente, falan do despilfarro de mercar aí e que sería mellor mercar noutro lado. Sra. Alba Quintela quero recordarlle xa que fala de cemento unha das súas obras do río Rednatur era facer unha masa de cemento ao lado da casa da cultura.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que a verdade e que seguimos defendendo os nosos proxectos e cremos que son necesarios e oportunos para os nosos veciños e veciñas. O importante é que se fixo un esforzo moi grande e estamos tratando de traer un convenio para a compra duns terreos e o están derivando aos proxectos futuros que están por ver pero queremos centrarnos en que estamos solicitando un convenio para unha compra de terreos que cremos moi apropiados e precisos e se o pleno nos avala así o faremos. Falan de formigón e a obra que está aquí atrás de formigón lévase o premio por excelencia e con iso estaban de acordo. Falan de aparcadoiros privados e paréceme xa ese argumento

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 28

bastante lamentable que vostede xustifique os aparcadoiros privados para a veciñanza a verdade é que non o esperaba. Son proxectos axeitados e centrámonos en que intentamos levar a cabo un convenio para ter uns fondos e levar a cabo esas futuras actuacións.

Intervén o voceiro do BNG que indica que lle encantaría ter un debate mais frutífero e ante cuestións con pouco criterio non vou a meter moito, simplemente clarificar que o proxecto ao que se referiron antes non foi para construír un punto de miradoiro de aves senón que o proxecto inclúe outras cousas como renaturilizar un estanque que levaba décadas abandonado e que era u foco de contaminación na beira da marea que era un espazo protexido, entre outras cousas. É un proxecto para manter espazos que xa existían. Máis alá diso cando se fai un estudo técnico hai datos e vostedes non deron ningún dato, teremos mellor ou peor criterio pero dende logo no tempo que lle dedicamos no BNG adicámoslle máis tempo que incluso o que lle puido adicar vostede. Hai que ter en consideración os aparcadoiros privados non os privativos, pero se hai establecementos nesa avenida e teñen sitio para aparcar permitan dicir que entran dentro do cómputo e que eso diríalle calquera técnico. A veciñanza de Outes merece mais debate sobre este tema e emprázolles a retomar esta proposta en consideración, a pensalo, pedir un informe técnico real e a partir de aí se teñen razón contarán co noso apoio, pero nesa avenida hai sitio para aparcar con salvidade de momentos puntuais.

Intervén o concelleiro non adscrito e indica que vai repensar nun minuto e que xa está ben pensado.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que antes de levar a cabo a votación oxalá houbesen formulado algún cando estiveron gobernando. Nós levamos un ano e están encima da mesa vostedes estiveron dous e están por chegar todos.

Sométese a votación a inclusión da emenda á proposta presentada quedando a inclusión **REXEITADA** con 5 votos a favor (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG) e 7 votos en contra (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito).

Intervén a voceira de Compromiso Outes para indicar que lle gustaría expoñer o que tiñamos preparados para o punto a debate e queríamos centrar na forma en que este goberno prioriza as súas accións económicas, pois concordamos en que as zonas merecen atención e investimentos pero consideramos que o seu goberno debería priorizar a execución de actuacións xa previstas e con financiamento aprobado e concedido antes de impulsar novas iniciativas que supoñen adquirir compromisos económicos adicionais para o concello. Non estamos cuestionando as condicións

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 28

financeiros porque entendemos que teñen boas condicións pero cuestionamos a forma de priorizar as actuacións do goberno.

Intervén o voceiro do BNG que indica que se suma ás palabras da voceira de Compromiso Outes e que entendemos que o prioritario é atender ás necesidades e en concreto sanear as necesidades que levan moitos anos esperando a ser feitas e tamén manter os pazos e adicar fondos a mantelos, que foi o que máis se fixo mentres vostedes non gobernaron. Vostedes levan mais de medio mandato e nós nos chegamos a medio mandato porque vostedes non nos deixaron facer estas propostas. A adquisición das parcelas non os parece mal e que teñen un prezo razoable e non nos opoñemos ao préstamo e pedimos que lle den unha volta aos proxectos que teñen para estas parcelas.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que o que se está a tratar é unha subvención para a adquisición de terreos sen xuros e non entramos en outras cuestións a maiores.

Sométese o punto, a proposta orixinal, a votación quedando **APROBADA**, con 7 votos a favor (Grupo municipal do PP e Concelleiro non adscrito) e 5 votos en contra (Grupos municipais Compromiso Outes e BNG).

Expediente 59/2026. RECTIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE OUTES	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Por parte do Sr. alcalde exponse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

"Con data 29/03/2026 o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria acorda aprobar o cambio de uso da parcela con número de referencia 6313001NH0461S0001XG na súa zona norte e segundo planimetría recollidas nos documentos técnicos incorporados ao expediente de forma que pasa de uso deportivo (DPX-2) a sanitario-asistencial (SAX), polo que queda do seguinte xeito: uso docente (DCX-3) e uso deportivo (DPX-2) cunha superficie de 10.828,00 m² e uso sanitario-asistencial (SAX) cunha superficie de 4.500 m². Con data 05/05/2026 a Xunta de Gobierno Local acorda "**Primeiro.-** Declarar a innecesariedade de licenza de segregación da parcela de titularidade municipal con número de referencia catastral 6313001NH0461S0001XG e código no inventario de bens municipal 15062000172, co seguinte contido:
A) Finca Matriz: Referencia catastral 6313001NH0461S0001XG, de natureza urbana,situado en solo urbano consolidado do núcleo do CRUCEIRO DE ROO, rúa do Colexio s/n, cunha superficie de cento oito areas e vinte oito centiáreas (10.828 m2), que

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 28

linda: # Norte, Rúa do Colexio, # Sur, outro predio municipal coa referencia nº 6313003NH0461S, predio catastral coa referencia nº 6313002NH0461S, a estrada autonómica AC-550 e Dª Carmen García Nimo(finca 1237), D. Manuel Caamaño Fernández (finca n.º 1235), D. Manuel Caamaño Martínez (finca nº 1227), # Leste, outro predio municipal coa referencia nº 6313003NH0461S, Finca segregada, Finca adscrita a viario, Dª Aurelia García Nimo (finca nº 1238) e Dª Carmen García Nimo(finca nº 1237) e Oeste, predio municipal coa referencia catastral nº 6313004NH0461S e co predio referencia nº 6313002NH0461S.

B) Finca segregada: Sita no lugar de Cruceiro de Roo, municipio de Outes (A Coruña), da superficie de corenta e catro areas e vinte e seis centiáreas (4.426m2). Linda: Norte,Finca adscrita a viario e despois Rúa do Colexio; Sur, D. Manuel Caamaño Martínez (finca nº 1227); Este, D. Manuel Caamaño Fernández (finca nº 1214), Dª Carmen Vázquez Núñez (finca nº 1277) e D. Manuel Caamaño Martínez (finca nº 1227); e Oeste, Finca Matriz Resto.

C) Superficie de cesión a viarios : Linda: Norte, Rúa do Colexio; Sur, Finca segregada;Este, Dª Carmen Vázquez Núñez (finca nº 1277) e Oeste, Finca matriz resto. Ten unha extensión superficial de setenta e catro centiáreas (74m2).

SEGUNDO.- A declaración de innecesariedade de licenza enténdese outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

TERCEIRO.- Expídase certificación da presente resolución".

Visto o informe emitido pola técnica municipal, de data 15/06/2026, onde se establece e aclara a situación das fincas referenciadas no presente acordo.

Tendo en consideración que a inclusión e rectificación do Inventario de Bens é unha obriga legal imposta ás entidades locais polo Regulamento de Bens das Entidades Locais e no que se establece que o inventario debe reflectir dun xeito fiel a realidade física, xurídica e catastral as propiedades municipais en cada momento. Polo tanto, manter inalterado o inventario suporía unha discordancia entre os rexistros administrativos, o plano catastral e a realidade física do terreo. Polo tanto, resulta preciso proceder á minoración da finca matriz e a alta da nova parcela segregada para garantir a seguridade xurídica do patrimonio municipal, permitir a súa correcta defensa demanial e asegurar a súa exacta consignación contable no balance da Corporación.

Por todo o anteriormente exposto, **ACORDO**

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación e actualización do Inventario de Bens do Concello de Outes, mediante a modificación (minoración) da finca matriz e alta da nova finca segregada, nos termos dos acordos arriba establecinos e no seguinte senso:

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 28

A) Modificación (minoración) da finca matriz
Código no inventario de bens: 15062000172
Referencia catastral: 6313001NH0461S0001XG
Natureza: urbana.
Descrición modificada: Natureza urbana, sito no solo urbano consolidada do núcleo do Cruceiro de Roo, rúa do Colexio s/n.
Superficie resultante: 10.828 m².
Lindeiros: norte, Rúa do Colexio, sur, outro predio municipal coa referencia nº 6313003NH0461S , predio catastral coa referencia nº 6313002NH0461S, a estrada autonómica AC-550 e Dª Carmen García Nimo(finca 1237), D. Manuel Caamaño Fernández (finca n.º 1235), D. Manuel Caamaño Martínez (finca nº 1227), leste, otro predio municipal coa referencia nº 6313003NH0461S, Finca segregada,Finca adscrita a viario, Dª Aurelia García Nimo (finca nº 1238) e Dª Carmen García Nimo(finca nº 1237) e oeste, predio municipal coa referencia catastral nº 6313004NH0461S e co predio referencia nº 6313002NH0461S.

B) Alta da nova finca segregada:
Referencia Catastral: 6313005NH061S0000AF
Natureza: urbana.
Descrición: sita no lugar de Cruceiro de Roo, municipio de Outes (A Coruña).
Superficie: 4.426 m².
Lindeiros: Norte, Finca adscrita a viario e despois Rúa do Colexio; Sur, D. Manuel Caamaño Martínez (finca nº 1227); Este, D. Manuel Caamaño Fernández (finca nº 1214), Dª Carmen Vázquez Núñez (finca nº 1277) e D. Manuel Caamaño Martínez (finca nº 1227); e Oeste, Finca Matriz Resto.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos públicos ou privados sexan necesarios para a execución do presente acordo.
TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao servizo de contabilidade e ao catastro aos efectos da súa toma de razón e correspondente anotación nos rexistros respectivos.

Intervén a voceira de Compromiso Outes indicando que non van cuestionar a actualización do inventario de bens e menos tratándose dunha modificación de acordos plenarios previos, agora ben queremos deixar constancia de que a falta dunha explicación clara sobre a planificación que hai detrás desta modificación nos usos do solo desa parcela, se esas actuacións responden a unha estratexia ou unha previsión de futuro para estes terreos pensamos que sería positivo que o goberno compartise con esta corporación e coa veciñanza. Unha cousa é aprobar trámites administrativos e outra cousa é aprobalos sen coñecer con claridade cara onde nos conducen esas modificacións.

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 28

Intervén a voceira do BNG indica que neste punto que simplemente é un trámite administrativo de incluír no inventario o cambio de uso das parcelas imos votar a favor e estamos de acordo no trámite. O que nos sorprende é no anterior pleno non se comentou que a parte deste cambio de uso habería que facer este novo trámite, non sabemos se é que non se podía facer no mesmo pleno ou era unha modificación posterior, parécenos un expediente un pouco escuro que non sabemos tampouco a onde leva esta modificación e sorpréndenos que non se aclare para que se destinan e esperamos sabelo nalgún momento.

Intervén o Sr. Alcalde que reiterase en que se están a realizar previsións e dotando ao solo do concello e ter dispoñibilidades que se poidan ter, ata agora non tiñamos esa dispoñibilidade e querémola ter, cremos que é unha previsión máis que razoable e necesaria e que oxalá no futuro podamos realizar proxectos futuros. O que se busca é planificar e ter as dotacións suficientes.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que agradece o esbozo de explicación pero que parece insuficiente porque pensamos que a modificación dun solo que se trae a pleno por terceira vez, cauce administrativo e que imos apoiar a inclusión, pero queremos que entenda que como representantes da veciñanza se é que existe a idea de nalgún momento de facer algo aí que requira ese uso o simplemente se fai porque si aínda que nos estrañe se non se ten un proxecto no futuro.

Intervén a voceira do BNG que indica que tal e como o comenta parece que é porque non existía solo ou non tiña calificación entón en previsión calificamos o solo pero ese solo xa tiña o que estamos facendo é unha modificación, polo tanto, se entende que a calificación que se tiña naquel momento non estaba nos plans de facer nada, cremos que un cambio é por algo que se ten previsto para realizar esta modificación.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que temos unha dotación de solo que antes non había e polo tanto é no que queremos seguir avanzando e é o trámite administrativo que hai que realizar, é unha cuestión que queremos ter prevista.

Finalizado o debate sométese o punto a votación quedando aprobado por **UNANIMIDADE** dos membros presentes (12 concelleiros/as).

Expediente 478/2026. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS REC 3/2026	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 28

Por parte do Sra. Concelleira de Facenda exponse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

"Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe de 10.876,28€, cantidade que se corresponde cos xustificantes de gastos incluídos na relación contable F/2026/22, que inclúe facturas presentadas por provedores nos rexistros administrativos na anualidade 2026, correspondentes a prestacións realizadas no exercicio 2025.

Visto o informe de reparo número 2026-0016, formulado pola Intervención municipal, con data 13.06.2026, no que se manifesta a falta de autorización de gasto nas facturas referidas.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2026, O PLENO DA CORPORACIÓN **ACORDA**,

PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2026, por importe total de 10.876,28€, que se corresponde coas facturas incluídas na relación contable F/2026/22

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen na relación contable sinalada".

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que como xa teñen manifestado en outras ocasións entendemos que os provedores teñen que cobrar cando os servizos foron efectivamente prestados e as subministracións foron efectivamente realizadas.

Finalizado o debate sométese o punto a votación quedando aprobado por **UNANIMIDADE** dos membros presentes (12 concelleiros/as).

MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL	
Rexeitada	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 5, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Por parte do voceiro do BNG dáse lectura á moción, cuxo teor literal é o

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 28

seguinte:

"A protección da veciñanza, dos bens e do medio natural constitúe unha responsabilidade fundamental das administracións públicas. O Concello de Outes presenta características que fan recomendable unha planificación específica ante situacións de emerxencia, como poden ser os incendios forestais, inundacións, temporais de alto risco, apagóns prolongados, incidencias no abastecemento de auga ou outras situacións extraordinarias que poidan afectar á seguridade e ao benestar da poboación.

A Lei 17/2015, do Sistema Nacional de Protección Civil, a Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, e o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) establecen a importancia da prevención, a planificación e a coordinación das administracións públicas fronte aos riscos que poidan afectar ás persoas, aos bens e ao medio ambiente. Aínda que a normativa non impón expresamente a todos os concellos a aprobación dun plan territorial propio, si promove a adopción de medidas de planificación adaptadas á realidade de cada municipio.

Outes figura dentro das zonas analizadas polos instrumentos oficiais de avaliación e xestión do risco de inundación de Galicia-Costa, que identifican áreas con risco potencial significativo de inundación. Os fenómenos meteorolóxicos adversos, inundacións e interrupcións dos servizos esenciais, que vivimos nos últimos anos, evidencian a necesidade de contar con protocolos claros de actuación, sistemas de comunicación coa veciñanza en momentos adversos e mecanismos de coordinación entre os servizos municipais, os servizos de emerxencia e outras administracións competentes.

A planificación previa permite reducir riscos, mellorar a capacidade de resposta, aumentar a eficencia na resposta ás adversidades e minimizar os impactos sobre a poboación. Unha axeitada planificación é necesaria para dar un mellor servizo á cidadanía en situacións de necesidade.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte ***ACORDO***

1. Que o goberno municipal elabore un Plan Municipal Integral de Emerxencias adaptado ás características e riscos específicos do municipio de Outes.
2. Incorporar no devandito plan protocolos de actuación, dentro do ámbito das competencias municipais e a debida coordinación con outras administracións, ante incendios forestais, inundacións, temporais, apagóns eléctricos prolongados, incidencias no abastecemento de auga e outras emerxencias que poidan afectar á poboación.

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 28

3. Identificar os medios e recursos municipais dispoñibles, así como os espazos públicos que poidan ser empregados como puntos de información, coordinación ou acollida temporal en situacións de emerxencia.
4. Presentar o borrador do plan para o seu coñecemento e debate polos grupos municipais e promover a coordinación do mesmo cos instrumentos de protección civil locais, coa policía local e emerxencias da Xunta de Galicia e doutras administracións competentes."

Intervén a voceira de Compromiso Outes e indica que esta moción lles parece unha proposta razoable, nos últimos anos vivimos situacións que puxeron de manifesto a necesidade de estar preparados ante emerxencias desta natureza. É difícil evitar que se produzan certos fenómenos adversos pero si que podemos mellorar a coordinación, a información á veciñanza e a capacidade de resposta das administracións. Entendemos que a elaboración dun plan adaptado á realidade de Outes pode ser positiva e compatible con outros plans xa existentes en outras administracións, polo que votaremos a favor.

Intervén o concelleiro non adscrito indicando que con esta moción o BNG demostra unha vez máis que se atopa en modo pre eleccións, un plan que nos traen hoxe aquí que xa se atopa en marcha polo actual goberno do que seguramente vostedes xa oíron falar de que había algunha subvención e que agora queiran vender como que é idea súa. Créanme que non, isto non foi idea súa, isto naceu co apagón eléctrico que a partires de aí se puxeron en marcha por este goberno tantos plans como necesidades vimos no noso Concello así que poñan como se poñan non lles vou dar por atribuído o mérito porque non o teñen. Ou acaso cando vostedes estiveron no tripartito fixeron algo vostedes para sacar adiante un plan de emerxencias? Perdón, e que non lle dou tempo porque estiveron vostedes no goberno ano e medio, xustamente o mesmo que leva este goberno actual tomando medidas, ano medio, traballando para saber o que hai que facer e facer os movementos oportunos. Como xa digo están en modo pre eleccións e eu entendo, se ata vostedes mesmos din que sacan máis adiante agora que cando estaban no goberno, porque resulta que todo o que sae adiante xa o tiñan planificado eles, non me enganan están en modo eleccións.

Intervén o Sr. Alcalde que con relación á moción presentada para iniciar a elaboración dun plan de emerxencia municipal adaptado ás características e riscos específicos antes de nada queremos indicar algunhas especificacións; o actual goberno xa no ano pasado se preocupou de mellorar cuestións relativas ás emerxencias estudando casuísticas e obrigacións e por iso dende o Concello tivemos unha xuntanza coa Dirección Xeral de Emerxencias e estase en contacto con ela mediante o servizo de emerxencias, tanto en temas de asesoramento como para correspondente coordinación coa Xunta de Galicia e a Axencia Galega de emerxencias en materia de emerxencias e protección civil. No relativo ao plan de emerxencias integral que mencionan indicar que estes están pensados e

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 28

enfocados para concellos de máis de 20.000 habitantes, concellos con maior de poboación e urbana. O concello de Outes ten a obriga de ter un plan de actuación municipal de actuación municipal de incendios forestais, un plan de emerxencias de incendios forestais, obriga que xa tiñan vostedes no goberno e nada fixeron. O plan de actuación municipal de incendios forestais está na actualidade en proceso estase elaborando e saíu publicada no DOGA a subvención para tal fin por un importe de mais de 2.700 euros. Por outro lado, tamén nos interesamos polo risco de inundacións e polo risco da rotura da presa do Tambre e fai referencia ás directrices precisas. Consideramos que se está a traballar neses plans.

Intervén o voceiro do BNG que indica que lle alegra escoitar e saber que se está a traballar neste senso, van contar co noso apoio e se queren que fagamos achegas e achegar ao resto da corporación un borrador estamos dispostos a aportar que para iso estamos aquí. O BNG aínda que dentro da historia política de Outes é o grupo político que menos tempo estivo dentro dun goberno as nosas propostas antes, durante e despois falan máis de nós que calquera cousa que se poida dicir e efectivamente cando levamos anos facendo propostas en diferentes administracións tamén queremos que a xente saiba que facemos estas propostas.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que non ten moito máis que dicir, que se alegra de que estean traballando no plan de emerxencia centrado nas problemáticas de Outes. Agradecemos que nos dean a información porque a descoñecíamos.

Indica o Sr. Alcalde que non se pode instar a facer o que xa se está facendo.

Sométese o punto a votación quedando REXEITADA, con 5 votos a favor (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG) e 7 votos en contra (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito).

MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG PARA A IMPLANTACIÓN DO SERVIZO HADO EN OUTES	
Rexeitada	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 5, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Por parte do voceiro do BNG dáse lectura á moción, cuxo teor literal é o seguinte:

"A Hospitalización a Domicilio (HADO) constitúe un modelo asistencial relevante dentro

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 28

do sistema público de saúde galego. Permite que pacientes con doenzas agudas ou crónicas agudizadas —que doutro xeito precisarían ingresar nun centro hospitalario— reciban coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario no seu propio fogar.

Porén, a realidade do noso municipio demostra que este servizo non se presta de xeito equitativo. De conformidade cos últimos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), o concello de Outes conta cunha poboación de 5.998 habitantes, dos cales máis do 32% supera os 65 anos de idade. O noso elevado índice de envellecemento conleva unha elevada prevalenza de patoloxías crónicas, oncolóxicas e pluripatolóxicas asociadas á idade avanzada. A maiores, Outes conta cunha forte dispersión xeográfica, con ducias de núcleos de poboación distantes cos centros hospitalarios.

A pesar desta realidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) segue a restrinxir o acceso ao HADO ao noso concello. Esta discriminación resulta incomprensible xa que o servizo de HADO chega actualmente ata o concello veciño de Noia. Deixar fóra a Outes por unha diferenza de escasos quilómetros supón unha discriminación arbitraria que carece de lóxica asistencial e que desatende á demanda sanitaria do noso concello.

Esta exclusión deu lugar a casos de fonda inxustiza social e sanitaria. Veciñas e veciños de Outes en situación de extrema vulnerabilidade ou en fases terminais de enfermidades víronse privados deste dereito. En consecuencia, as familias vense obrigadas a asumir traslados diarios de máis de 40 quilómetros ata o hospital de referencia en Santiago de Compostela (CHUS), co conseguinte desgaste físico, emocional e económico. Existen queixas directas de doentes crónicos e oncolóxicos que, reunindo o perfil clínico idóneo para un ingreso en HADO, foron rexeitados polo único motivo de "vivir fóra do mapa de cobertura" da unidade hospitalaria.

Aínda conscientes de que a xestión sanitaria non é unha competencia directa da administración local, a defensa da saúde e do benestar das veciñas e veciños de Outes si debe ser unha das prioridades de toda a corporación municipal e así o é para o BNG. O goberno de Outes ten o deber de exercer toda a presión política posible ante os seus compañeiros de partido responsables da Consellaría de Sanidade para corrixir esta situación.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte ***ACORDO***

1. Instar á Xunta de Galicia e á Consellaría de Sanidade a implantar e garantir a cobertura total do servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO) para toda a poboación

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 28

do concello de Outes de xeito urxente.
2. Instar ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a dotar os equipos profesionais de HADO dos medios humanos, técnicos e loxísticos necesarios para dar unha resposta eficaz á dispersión xeográfica do noso municipio.
3. Dar traslado deste acordo á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia e á xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza."

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que comparten o obxectivo de mellorar a atención sanitaria e de que os veciños poidan recibir determinados tratamentos no seu domicilio cando sexa posible e consideramos que toda mellora que permita achegar á atención sanitaria ás persoas merece ser estudade e por iso votaremos a favor.

Intervén o concelleiro non adscrito e reitera que volvemos entrar en modo eleccións, xa que, algo xa apalabrado e xa feito e que só queda esperar haber cantos días, cantos meses tarda o voceiro do BNG que grazas a unha moción do BNG conseguiuse traer o HADO ao concello de Outes. Sigan mentindo sempre vai a haber quen os crea. Eu entendo o que fan, pero este goberno traballa, este goberno non saca fotos, este goberno non esta pendente do cartelito, oxalá fixeran moitos o que está a facer este goberno.

Intervén o Sr. Alcalde que indica que o servizo HADO é un servizo moi demandado polos veciños e veciñas do noso concello e dende o goberno así o consideramos, por iso, o pasado 23 de xaneiro o goberno de Outes solicitou formalmente a implantación do servizo HADO no noso Concello á Consellería de Sanidade. Dende ese momento estivemos facendo o seguimento e o HADO atópase comprometido, planificado e anunciado polo propio conselleiro de sanidade para este mesmo ano, polo tanto, estamos ante unha moción do BNG que esixe o que a Xunta xa ten decidido. Adiantamos o noso voto en contra sinalando que votar en contra de este texto non é votar en contra do HADO para Outes é rexeitar un relato que trata de apropiarse dun relato e dun compromiso xa pechado coa Xunta.

Intervén a voceira do BNG indicando que os comentarios ao respecto de que as propostas que se fan son en modo eleccións e que viñemos aquí a facer política sorpréndenme porque, pois si, estamos aquí para facer política e polo tanto facer propostas, iso non é estar en modo eleccións é estar traballando ao longo do ano. Alegrome saber que se solicitou o HADO pero non é a primeira vez que se solicita e as promesas da consellería tamén queremos ver cando se cumpren. O BNG xa levou ao parlamento galego máis de unha vez en anos anteriores a extensión do HADO para que chegara tamén ao concello de Outes e aínda non chegou e cando estivemos no goberno tamén se falou coa

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 28

conselleira para conseguilo e non se fixo. Se chega o HADO neste ano, encantados e tódolos méritos seus, pero mentres tanto seguiremos traendo propostas a este órgano municipal no que representamos aos veciños e veciñas. A nosa postura é recoller as demandas veciñais e traelas aquí que é onde temos que traelas e esta é a nosa proposta.

Intervén a voceira de Compromiso Outes e que só dicir que se ven o HADO para Outes estamos todos de acordo en que é algo positivo e o importante é que veña e cando o teñan daremos os parabéns.

Intervén o Sr. Alcalde para reiterar o mesmo e que é un servizo moi demandado e que a Xunta comprometeu este servizo e estanse dando pasos para que chegue e espérase que chegue ao longo deste ano e adiantamos que votaremos en contra e indicando que o texto da moción orixinal e que non é votar en contra do HADO senón do relato que expuxeron.

Sométese o punto a votación quedando **REXEITADA**, con 5 votos a favor (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG) e 7 votos en contra (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO 2026-0355 A 2026-0510

C) ROGOS E PREGUNTAS

1. Preguntas presentadas por sede electrónica:

a) Compromiso Outes:

1ª PREGUNTA. Tras a celebración do Pampallín o pasado 30 de abril foron varios os veciños que nos informaron dun adianto nos concertos sobre os horarios publicados, o noso grupo trasladalles a seguinte pregunta:
- Cal foi o motivo polo que se adiantaron as actuacións do Pampallín?

Responde o Sr. Alcalde que o motivo é que había actuacións para público xuvenil cun horario fixado e por causas do cambio de escenario nos recomendaron adiantar 15 minutos o inicio do evento. Foi unha proposta dende dentro da programación que tivemos que tomar sobre a marcha.

Intervén a voceira de Compromiso Outes para indicar que entende que foi tomada na

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 28

hora dos concertos practicamente e que por iso non se anunciou debidamente.

Responde o Sr. Alcalde que non era cuestión de anuncialo, son causas sobrevidas que pasan nos eventos e hai que tomar decisións cremos que non ten un impacto grande adiantar 15 minutos e deste xeito non lastrar o resto de eventos do Pampallín. Foi unha decisión que se tomou nese momento.

2ª PREGUNTA. Coa súa publicación nas redes sociais do día 12 de xuño, na que indicaban que comezaba a vixencia de circulación en sentido único da estrada de Broña a Tavilo e a apertura diaria dos baños, entendemos que daban por iniciada a tempada de verán. Este domingo 21 de xuño comprobamos que as beirarrúas de Broña aínda non recibiron a súa correspondente posta a punto, pois atopábanse cheas de lixo e non nos referimos ao cisco dos pinos, dando unha impresión de abandono e descoido. Cando pensan vostedes limpar esta zona?

Responde o Sr. Alcalde que a verdade que non entenden moi ben a pregunta porque a praia de Broña vense limpando periodicamente dente Semana Santa, de feito a primeira limpeza xa se fixo antes da ponte do 19 de marzo. A limpeza faise durante todo o ano pero particularmente con máis intensidade nos meses de máis afluencia de público facendo limpezas extraordinarias, como por exemplo, onte mesmo a limpeza pola celebración de San Xoán. Sempre intentamos ter limpo ese entorno porque sabemos que é un lugar moi visitado.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que ao mellor o Alcalde levou a pregunta ao areal e o que preguntou foi claramente polas beirarrúas, sobre todo o tramo máis sucio era o tramo fronte aos edificios e a verdade é que daba un aspecto bastante descoidado no que había bastante lixo e ímoslle pedir que co lixo si que teñan máis coidado.

3ª PREGUNTA. O noso goberno deixou aprobado un proxecto de obra denominado “Conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes” e un convenio de financiación en vixencia polo que xa preguntamos neste pleno no mes de decembro, nese momento dixeron que estaban en negociacións coa consellería para darlle unha solución e que tiñan pensado “executar a inversión para o mesmo fin”.
- O goberno actual desistiu de continuar traballando polo proxecto denominado “Conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes”?
- Renunciou o goberno de Calo e Caamaño á subvención que tiñamos concedida para levar a cabo dito proxecto?

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 28

Responde o Sr. Alcalde con relación á primeira pregunta que se formula é que non se desistiu e con relación á segunda é que non o que se propuxo á Consellería foi un cambio de proxecto coa finalidade similar cunha inversión igual ou superior.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que entenden que si se desistiu do proxecto, xa que é cambiar de proxecto e é un proxecto diferente, polo que quedamos á espera de seguir tendo noticias aínda que todo parecía indicar que a veciñanza de Outes se ía ver privada dese proxecto esperamos a ver que é o que vostedes nos presentan.

Responde o Sr. Alcalde que o referenciado proxecto quedara deserto cando fora a licitación e como xa se dixo no pleno de decembro de 2025, tiña un incremento de custes dun 30% e agora como puideron ver neste pleno xorden oportunidades novas e polo que este Goberno non desiste de seguir traballando para mellorar o entorno urbano pero como xa dixemos en decembro seguimos traballando e dando os primeiros pasos.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que dende o seu grupo parécelles que o fin non é o mesmo.

b) BNG:

PREGUNTA 1. Consultando o sistema de información de augas de consumo público que ofrece o ministerio de sanidade, comprobamos as seguintes indicacións:
-29/10/2025: AGUA NO APTA PARA EL CONSUMO (REDE OUTES)
-Valores anormais: Suma 4 Trihalometanos (THM) 158 microgramos por litro (Valor máximo 100)
Tendo en conta anteriores erros da plataforma e que non existe ningunha comunicación pública do concello que nós puidéramos atopar neste senso. Esta lectura é correcta? Contan cos informes que o certifiquen? Se é certa, que medidas se tomaron?

Responde o Sr. Alcalde que isto foi un un caso puntual no cal tanto o laboratorio que fixo a mostraxe como sanidade ante un incumprimento dun parámetro teñen de 24 a 48 horas para quitar unha nova mostraxe e para que se atope no valores oportunos. Este seguimento fíxose e está comunicado a sanidade, do contrario habería unha inmediata inspección como cando foi a contaminación biolóxica do ano 2024. o mero feito de que os valores non se vexan é porque os valores os cidadáns non poden velos en SINAC. Foi comunicado a sanidade e esa incidencia está pechada.

Intervén o voceiro do BNG que indica que o Alcalde indicou as medidas que se tomaron e que agradece a información pero en calquera caso pensamos nós facemos un traballo de

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 28

fiscalización como alternativa de goberno serio. Hai que diferenciar, vostede mencionaba a crise da auga do Concello de Outes debido aos temporais anormalmente forte e efectivamente naquel momento houbo un problema co subministro da auga. Vostedes fixeron outro tipo de oposición, en vez de esperar ou preguntar ou chamar para preguntar pola situación, en que podían axudar ou para interesarse destas circunstancias. Vostedes o que fixeron foi sacar unha publicación alarmante cun dato errado, nós poderemos ter feito o mesmo e presentar á veciñanza con motivos supostamente electorais. Pero nós preferimos ser responsables e preguntar no pleno e polo tanto entendan que hai dúas maneiras de facer oposición, unha é a do PP que só pensa no calculo electoralista e dálle igual a situación sanitaria no momento de delicadeza e outra é a do BNG que ante unha información coa que non conta cos datos agarda, pregunta e infórmase.

Responde o Sr. Alcalde para indicar que o BNG non coñece o informe que emitiu sanidade con respecto ao ano 2024, indícolle que é bastante impactante. Indica que unha multa adicional importante polo que creo que é un tema que si quixésemos utilizar daría moito para falar asi que creo que se quere sacámolo e sacámolo á veciñanza.

PREGUNTA 2. No pleno extraordinario de xaneiro sinalamos unha importante deficiencia no proxecto de asfaltado de Tarás aprobado en decembro. Dende o BNG, naquel momento, solicitamos que se fixera unha modificación e se buscaran os fondos nas administracións pertinentes para poder acometer o arranxo do saneamento nesa zona estimado,segundo a auditoría aprobada en xaneiro deste ano, en 325.000 €. Que accións tomaron dende entón para arranxar este problema? Pensan iniciar o asfaltado sen arranxar antes as tubaxes que van por debaixo?

Responde o Sr. Alcalde que coa problemática detectada nesta zona discrepamos coa solución proposta da auditoría aprobada a principios deste ano, este documento identifica filtracións nas redes pluviais de saneamento e propón como solución unha nova rede de pluviais pero tras analizar con máis detalle a situación sobre o terreo comprobamos que gran parte do trazado xa dispón de rede de pluviais, polo tanto, consideramos que a actuación proposta resulta desproporcionada. Durante os últimos meses estivemos estudando a rede existente para localizar posibles puntos de infiltración de augas pluviais cara a rede de saneamento como resultado deste traballo xa se detectou e corrixiu polo menos unha incidencia importante que estaba introducindo cantidades significativas na rede. Por iso entendemos que a solución máis axeitada para seguir analizando en detalle a infraestrutura existente é detectar as infiltracións que poidan persistir e actuar de maneira puntual sobre elas. Cremos que un estude exhaustivo da rede e a corrección progresiva das deficiencias detectadas permitirá resolver o problema de maneira máis

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 28

eficiente cun menor custe económico e unha mellor optimización de recursos.

Intervén o voceiro do BNG para indicar que non indica se o van a arranxar ou non ao que o Sr. Alcalde responde que están analizando a rede e arranxando. Indica o voceiro do BNG que o goberno discrepa dun análise técnico e pregunta se están realizado outros estudos. Contesta o Sr. Alcalde que a auditoría que se fixo é un documento que hai que analizalo como é e é un documento xeneralizado do noso Concello, é un punto de inicio o que non está tratando con detalle todas as intervencións e análises que hai en todo o longo da rede, é imposible que polo importe que se licitou esa auditoría se poida facer un traballo tan grande. Este foi un dos primeiros pasos e a partir de aí empezaremos a traballar dunha maneira mais exhaustiva por concas que agora si que temos identificadas, polo tanto, son propostas xenéricas que non temos porque estar de acordo con elas. Indica o voceiro do BNG que simplemente agarda que se nos achegue un estudo técnico e que nos acheguen ese estudo.

PREGUNTA 3. O concello está coordinando e facendo seguemento ao servizo de recollida do lixo para que se proceda coa limpeza dos contedores? Cantos contedores se limparon neste último trimestre e en que zonas?

Responde o Sr. Alcalde que estamos coordinados e lévanse limpando 83 contedores no núcleo urbano da Serra de Outes e parte de Outes. A previsión é facer unha limpeza por tódalas parroquias como fixemos o ano pasado e dúas nos núcleos urbanos e en puntos críticos tamén estaremos pendentes se é preciso facer unha terceira limpeza, que tamén se chegou a facer o ano pasado.

Intervén a voceira do BNG para preguntar se non hai prazo de remate ou se é ao longo do ano, é dicir se no verán non? Ao que o Sr. Alcalde responde que iso vaise desenvolvendo ao longo do verán como se fixo o ano pasado e achegándose a tódolos núcleos rurais que tamén teñen moita demanda e incidindo nos núcleos urbanos que é onde hai máis densidade de poboación.

PREGUNTA 4. Dende o BNG somos coñecedores da necesidade por parte dalgunhas asociacións de contar con un documento de cesión de uso dalgúns locais ou espazos en locais sociais para desenvolver con normalidade as súas actividades e poder optar a axudas doutras administracións. Cónstanos, ademais, que o goberno local se comprometeu a proceder con este trámite. Fíxose algún trámite neste senso no que vai de ano? Pénsanse proceder con algunha destas solicitudes ou da marcha atrás o goberno?

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 28

Responde o Sr. Alcalde que si que se fixeron varios trámites e xa se estaba traballando no tema co anterior secretario agora houbo un cambio na Secretaría e xa se tratou o tema e por suposto que non se deu marcha atrás neste asunto, por parte do noso goberno todo o que sexa beneficiar ás asociacións farémolo.

PREGUNTA 5. Houbo algún avance na tramitación do parque empresarial para Outes nos últimos meses? Que accións tomou o goberno municipal?

Responde o Sr. Alcalde que como xa indicamos no mes de abril ante unha pregunta de Compromiso Outes estábamos pendentes dunha reunión con costas do Estado para detallar de xeito conciso o criterio desa diminución de edificabilidade con respecto ao proxecto presentado e procurar emendalo. O pasado 26 de maio tivemos esa reunión con costas do Estado á cal asistiron membros do actual goberno e técnicos da empresa redactora do proxecto, na reunión acordouse facer un resumo da problemática existente do equipo redactor do proxecto para que o departamento de urbanismo de costas analizara a situación con máis detalle. Esixíronnos que presentaramos un informe e van a avalialo dende costas do Estado.

2. Rogos:

a) Compromiso Outes:

ROGO 1. De todos é sabido que as inclemencias do inverno afectan con severidade ao estado dos parques infantís e dende o comezo da primavera non vimos que se cometeran arranxos nin melloras en ningún pero si atopamos deficiencias e recibimos o descontento dos veciños polo estado destes parques infantís. Para ilustrar este rogo daremos algúns dos problemas detectados: nos parques de Broña e Vistalegre o valado atópase nun estado moi deficiente e no caso do segundo xa está caído en varios tramos, no parque de Broña hai varios elementos aos que lle faltan parafusos con perigo de atrapamento de dedos doutros membros para os seus usuarios como xa pasou fai unhas semanas un dos elementos de resorte, no parque do Cruceiro de Roo a raíces das árbores están levantando o chan de caucho convertendo o parque nunha zona de obstáculos e hai unha árbore con espiñas que as veces lle caen polas no parque cos conseguintes perigos para os usuarios, a fonte do parque de Vistalegre non ten auga, no parque do Freixo retiraron un elemento e non se repuxo e o elemento dos resortes está roto, no parque Da Cruz continúan sen solucionar os danos da fonte impedindo que chegue a auga ao estanque que con tanto esmero recuperaron os veciños da zona. Á vista do anterior o noso grupo quere rogarlles que revisen todos os parques do Concello e que acometan os arranxos necesarios para desfrute da infancia.

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 28

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que o parque Da Cruz foi arranxado polo Concello de Outes e esa fonte tan pronto chegamos foi arranxada por este goberno e si que se fixeron intervencións en practicamente tódolos parques o que pasa é que tivemos que fixelas de xeito prioritario, fixéronse no Areal que se cambiaron os columpios que estaban podres, arranxase no parque Da Cruz elementos por estar en mal estado, arranxáronse no parque de Vistalegre igualmente elementos dos parques e practicamente en case tódolos parques fixéronse arranxos. Mesmo na casa de Lela fixéronse un cambio de columpios, etc, etc, polo tanto, sabemos que son moitas as necesidades e agradecemos que nos traia o rogo pero puntualizar que non é que non se este facendo nada nos parques senón que as demandas eran moitas.

Intervén a voceira de Compromiso Outes e indica que concorda en que as demandas son moitas e que eles relátanlle unha cantas que non son as que vostede acaba de relatar que arranxaron así que rogamos que as arranxen. E indica o Sr. Alcalde que os rogos estaría ben verificalos antes de traelos.

ROGO 2. O mesmo que sucede cos parques infantís por estar a intemperie sucede cos camiños polo que rogamos que arranxen as fochancas do camiño do lugar de Arriba e a costa na parroquia de Santo Ourente.

ROGO 3. É de coñecemento público que o Náutico do Freixo carece de persoal técnico dende hai meses e consideramos que o goberno tivo tempo suficiente para prever a cobertura desa vacante e que coa chegada do bo tempo o centro náutico puidese ofertar actividades formativas e de lecer para complementar a oferta de conciliación e ocio municipal. Atopámonos con que a actividade do náutico quedou reducida ao alugueiro de material segundo demanda previa polo que rogamos que teñan máis previsión no futuro para casos semellantes para a boa planificación accións a levar a cabo e que busquen unha solución efectiva e urxente que permita a cidadanía gozar de actividades e cursos náuticos este verán.

b) BNG:

ROGO 1. Rogamos que se fixera algunha campaña de concienciación do uso dos contedores do lixo e do punto limpo porque vemos que segue habendo moita xente que bota impropio nos contedores que non lle corresponde e deixan enseres que corresponden ao punto limpo incluso escombros que despois terminan sendo levados polo camión do lixo sen ser entregados no punto limpo. Rogamos que se faga unha campaña de concienciación para mellorar a recollida.

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 28

ROGO 2. Hai unha caixa eléctrica que leva meses que se atopa na pista que baixa de Canizos ata os Muíños que está como tapando o furado dun sumidoiro. Rogamos que a retiren e arranxen ese furado porque leva bastante tempo tirada.

ROGO 3. Somos coñecedores de que se enviou un comunicado ao Concello do sector de comercio e alimentación que se están mobilizándose por un convenio digno no que se pide que se manifeste publicamente e o apoio as e os traballadoras e traballadores do sector do comercio e alimentación da provincia da Coruña na súa reivindicacións. Rogamos que teñan en conta esa solicitude e que o Concello de Outes se sume aos apios aos traballadores e traballadoras que durante tempo consideramos sectores esenciais e que aplaudimos tanto durante a pandemia e que agora temos un pouco abandonados.

ROGO 4. queremos insistir nunha proposta do ano pasado que é o pintado viario no Agro das mozas en Cruceiro de Roo, cremos que é necesario hai que crear novos pasos de peóns que non existen e mellorar a seguridade viaria destas rúas.

ROGO 5. Volvemos a insistir en que as farolas da zona do novo tanatorio e na zona do Bosque seguen sen funcionar despois de máis dun ano e pico, polo que, rogamos que teñan a ben arranxalas.

ROGO 6. Xusto antes da moción de censura estábamos falando cun veciño que ten unha colección de arte propia, escultórica, que nos parecía moi interesante facer unha exposición na Casa da Cultura, que é o Carrapote. Rogamos que tomen a serio a cultura local e que é preciso promover e que teñan a ben facer unha exposición.

ROGO 7. Rogamos que hai que priorizar os arranxos e mantemento de infraestruturas xa existentes e, polo tanto, cremos adecuado e urxente que se fagan unhas actuacións de consolidación en diversos treitos do paseo de Broña e que se actúe urxentemente para que non vaia a máis e incluso que poida haber algún accidente que desexamos que non pase.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 22:55 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 5FNKKJC6QTTJX6C2NEPRJS3FA
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 28